



Asesoría BUEU


MONTERO RIOS, 31 - bajo
Tel. 986 32 30 46 - Fax 986 32 40 26

cervioter@hotmail.com

BUEU
Pontevedra

Café Bar Meco

Eduardo Vincenti, 4
Telf. 32 28 97
Bueu



Óptica
Bueu
desde 1984

Pazos Fontenla 51 - 36930 Bueu
Tif.: 986 322 067 - Móvil: 607 051 187
www.opticabueu.com - contacto@opticabueu.com

JUAN VEIGA ALFONSO PREGONEIRO



Juan Veiga Alfonso naceu en Moaña no 1952, cursou estudos no colexio Labor de Vigo e logo en Santiago onde acadou o seu título como ATS (Axudante Técnico Sanitario).

Cando era estudante en Santiago, desprazouse á Coruña para formarse como operador cinematográfico, xa que os seus pais rexentaban un cine en Moaña e precisaban desa titulación para abri-lo. Posteriormente fixo o curso de ATS calista en Madrid. Ao remate do servizo militar, traballou no Sanatorio Marescot de Pontevedra como ATS e instrumentista de quirófano, e posteriormente fixo as oposicións en Madrid para tomar posesión da praza de APD en Bueu, posto que non abandonaría nunca a pesar das moitas ofertas recibidas ao longo do tempo. O pobo de Bueu era a súa xente e, dende o primeiro momento sentiuse moi vinculado aos veciños e veciñas que o agasallaron cun gran cariño que el sempre tentou devolver.

Como el mesmo recoñece, *"nunca pensei de pequeno que a miña profesión sería esta e, co tempo decateime de que dentro de min era a que me correspondía para axudar aos meus pacientes, que tanto mo agradeceron e que me fixeron sentir sempre feliz, pleno e realizado."*

Empezou a traballar en Bueu no 1973 con 21 anos e, ata a súa xubilación no 2017, sempre se sentiu agradecido a este pobo, que tanto quere e que é coma a súa segunda familia, por *"todo o cariño que me dron, facéndome sentir coma se fose un máis deles e delas"*.

Como agradecemento por todo o seu compromiso, o Concello de Bueu nomeouno Fillo Adoptivo da Vila de Bueu no 2017 e tamén se lle puxo o seu nome á rúa próxima ao Centro de Saúde.

